UN CURSO CHEO DE SAÚDE

BOLETÍN XUÑO 2019

Nº 12

UNIVERSIDADE LABORAL

As nosas saídas...

Charlando con un premio Nobel

El premio Nobel de Química de 2016, Ben Feringa, visita Santiago de Compostela donde celebra diversos actos y será distinguido como Doctor Honoris causa. El IES Universidade Laboral de Culleredo ha tenido el privilegio de asistir al encuentro con el profesor Ben Feringa, '*The art of building small: talking to a Nobel Prize Winner*' («*El arte de construir en pequeño: charlando con un Premio Nobel*») organizado por el CIQUS de Santiago de Compostela. En este acto, el galardonado premio Nobel ha hablado de ciencia con un reducido grupo de jóvenes como Víctor Rodríguez y Luis Boquete, estudiantes de 1º de Bachillerato Científico, que fueron acompañados por sus profesoras de Física y Química, Alma Figueroa y María Moares.

La trayectoria académica de Ben Feringa ha estado vinvulada a la Universidad de **Groningen, donde estudió Química y se doctoró en 1978.** Feringa es un **pionero en el diseño y la síntesis** de máquinas moleculares; es decir, moléculas que pueden actuar como máquinas de tamaño nanométrico. Estas nanomáquinas eran conocidas en sistemas biológicos, pero era un verdadero reto construirlas artificialmente. El profesor Feringa demostró que esto es posible mediante síntesis química en disolución, conectando selectivamente átomos y fragmentos moleculares.

SALIDA

ciQUS

My Teachers
University of Groningen
ciQUS

CHIRAL

SALIDA
ciQUS

Unha visita acuática

Os alumnos de FPB visitaron o acuario da cidade de A Coruña, a actividade está dentro do Programa "Relaciónate" en colaboración co concello de Culleredo.

CIENCIA NA RÚA

Un grupo de alumnos e alumnas de Bacharelato e do Ciclo Formativo de Enerxías Renovables participaron o pasado sábado 4 de maio no XXIV Día da Ciencia na Rúa.

Ao longo deste día o noso alumnado realizou para os visitantes da “jaima” divertidos e rechamantes experimentos.

As actividades foron coordinadas dende varios departamentos:

- Departamento de Instalacións e Mantemento, realizaron experimentos de electromagnetismo como o Experimento de Oersted, Experimento de campo magnético e corrente eléctrica, Experimento que demostra a forza de Lorentz, Experimento do solenoide xiratorio e Experimentos do campo magnético nos motores.
- Departamento de Física e Química, mostraron canto azucre levan os diferentes refrescos que se beben habitualmente, utilizando un refractómetro. Tamén se levaron a cabo experimentos de cambios químicos como a reacción oscilante nunha botella ou o camaleón químico.
- Departamento de Bioloxía, realizou experimentos para amosar como os alimentos que se comen a diario poden ser moi divertidos: o ovo que rebota, auga viaxeira, arco da vella doce, explosión de cores e presencia de amidón en alimentos.

ASÍ FOI O DÍA...

Misión Cosmos

A Refinería de Repsol en A Coruña invitou ao alumnado e ao profesorado que participou no Día da Ciencia na Rúa ao **show "Misión Cosmos: Viaje por la historia de la energía"** de Dani Jiménez.

Dani Jiménez, físico e divulgador científico, pioneiro no uso de experimentos como ferramenta de estimulación e aprendizaxe, é coñecido por participar en programas televisivos como "Órbita Laika" e "El Hormiguero". Con este show, Dani Jiménez transportounos no tempo para coñecer o papel da enerxía na evolución do benestar do home e como influíu a tecnoloxía no aproveitamento da enerxía, co obxectivo de reflexionar sobre os retos futuros. Este espectáculo coincidiu dentro da Semana da Ciencia e a Enerxía de Repsol e a súa Fundación. Entre os obxectivos destas semanas está contribuír, de forma amena e divertida, á divulgación da ciencia así como espertar o interese polas vocacións científicas.

Os muíños de mareas de Acea de Ama

Unha acea (do árabe *as-sâniya* , 'a que ergue a auga, rodicio hidráulico') é un muíño de auga para moer fariña, de aí o topónimo para o lugar Acea de Ama. Coincidindo cunha época de esplendor, en torno ao século XII, en plena prosperidade económica no lugar o que propiciou un período de aumento demográfico, construíronse os muíños de mareas de Acea de Ama.

Nese momento, O Burgo tiña unha gran relevancia comercial e como enclave estratéxico, xa que, tras os ataques normandos ao litoral galego, foi recomendábel que a poboación se retirase cara o interior da ría constituíndo burgos. Entre os principais propietarios de terras no Burgo estaba o mosteiro de Sobrado dos Monxes, e foi grazas a este que os muíños foron construídos no último terzo do s. XII. A peregrinación xacobea fixo de O Burgo o porto comercial que recibía aos peregrinos e mercadorías do Norte de Europa. Neste contexto edificáronse os muíños. Os muíños moían centeo, trigo e millo sendo a base alimenticia da poboación que estaba a medrar, na época dourada de O Burgo. O funcionamento destes muíños de mareas, os máis antigos deste tipo en Galiza, explícase así:

O muíño dispón dun oco interior ou "inferno" deseñado polos canteiros onde se admite a entrada da auga mediante unha canle que leva unha comporta de madeira ou "pechadoiro". Ten unha mesa que fai de sostén de toda a estrutura na base e do mecanismo do eixo máis o rodicio. Será o rodicio o que xire por riba da mesa polo empuxe da auga, no inferno, e será o eixo o que transmita o movemento á moa situada na superficie, tal e como se ve nas imaxes. O gran entrará polo ollal sendo triturado entre moa e o pé. Ao redor das pedras está o "tremidaño" que recolle os grans moídos polo muíño. recollidas no encoro era o que activaba o rodicio para moer o gran. Estes muíños estiveron funcionando ata os anos 40 e eran, ademais de moi útiles dende o punto de vista económico, os lugares de reunión e de contacto social da veciñanza ata o punto de que o baile tradicional coñecido como ""muiñeira ten as súas orixes nestes sitios de traballo e encontro. Ao longo da súa historia foron restaurados en moitas ocasións e hoxe pódense estudar no museo que o Concello de Culleredo ten en Acea de Ama, xunto con planos explicativos, gráficos e fotografías.

Os alumnos de 1º de Enerxías Renovables foron ver o museo e gozaron dunha xornada didáctica da man dun técnico do Concello que nos explicou os detalles do funcionamento e da historia que rodea os muíños.

FESTIVAL FRANCÓFONO

Le 7 mai, nos élèves de français de la première année de Bacharelato ont participé au Festival de la Francophonie à Vilanova de Arousa. Ce Festival rassemble tous les années des centaines d'élèves de français de toute la région pour chanter et danser des sons des pays francophones. En plus, c'est une occasion magnifique pour mettre en contact les élèves des différents établissements : après avoir chanté,

¡Una de campeones!

El pasado seis de mayo el alumnado del **Ciclo de Técnico Superior en Fútbol** se desplazaron a la ciudad de Vigo, concretamente a las instalaciones del **R. C. Celta de Vigo en A Madroa** para presenciar en directo la primera jornada de la Copa de Campeones Juveniles. Los alumnos y alumnas pudieron observar en directo a los jugadores jóvenes de mayor proyección de ámbito nacional, así como los conceptos futbolísticos de los equipos de las canteras más representativas del fútbol español.

As actividades na Laboral

MESA REDONDA: O SEXISMO NO DEPORTE

Con motivo da Semana da Saúde que se conmemorou no centro e como actividade inaugural os departamentos de Educación Física e de Lingua e Literatura Castelá traballaron en colaboración para levar á cabo unha mesa redonda que combinou a experiencia de profesionais deportivos e deportistas de elite xunto con alumnos do centro que tamén destacan en deportes de competición como boxeo, rugby, remo, fútbol, judo ou cars. Durante unha hora e media colaboradores e público intercambiaron opinións en torno a dous bloques temáticos clave: o sexismo no deporte e as consecuencias do deporte de alto rendemento. Foi, pois, un rico e nutrido intercambio de palabras que tiña como finalidade facer fincapé no deporte como un dos aspectos clave da saúde.

CURRUNCHO DE EMPREGO

CURRUNCHO DE EMPREGO
#GIVINGTUESDAY

Cineforum

Hemos visto *Cien hombres sin piedad* y hay que felicitar al alumnado por lo bien que aguantó el filme, a pesar de no tener ningún rasgo comercial, no perdieron la atención en ningún momento y disfrutaron de la tensión moral que se vivía en la sala de deliberación.
Para disfrutar y relajarnos un poco vimos *Campeones* y aprendíamos un poco de empatía, algo que a todos nos falta a veces. Nos reímos mucho y salimos con ganas de más.



Los exalumnos del centro Santi y Camy Rey dirigen el programa "Internet de tu color favorito" emitido por la emisora Cuac FM, ambos son fundadores de la asociación *Atlantics* y han emitido un especial desde la Laboral en el que el tema del día ha sido "el acoso laboral a través de las redes sociales" contando con la presencia de los abogados Beatriz Calavia y Hugo Pastoriza.

Un, dous, gravando!

Cinco alumnos de 1º de bacharelato participaron no **"VI Concurso de curtametraxes para escolares relacionado coa doazón e os transplantes" coa curta *Unha última oportunidade*.**
Non fomos os gañadores do concurso, pero gustaríanos compartir con todo o profesorado esta experiencia tan estupenda que foi posible grazas ao persoal docente e non docente que permitiu que a curtametraxe saíra adiante. Temos, pois, que agradecer á dirección e xefatura de estudos por permitirnos e animarnos a participar no concurso e ademais por deixarnos gravar nos seus despachos, ao profesorado que nos cedeu algúns minutos do seu tempo e incluso a súa hora para poder gravar a curtametraxe. Tamén queremos agradecer ao profesorado de educación física por prestarnos material e as instalacións e, finalmente, queremos agradecer á dirección da residencia por prestarnos a enfermería onde



Galifoto 2019

Foron entregados na biblioteca do centro os premios do concurso Galifoto do curso 2019-1020 entre os alumnos participantes, os premios foron os seguintes:

1º premio foto artística: Unha muller...

2º premio foto artística: Lorbé espuma

3º premio foto artística: IMG_20...

2º premio foto con texto en galego: Fotografía-

O alumnado de 1° de FPBásica de Montaxe organizou unha exposición sobre a historia dos homenaxeados no día das Letras Galegas co gallo da celebración dese día. A exposición desenvolveuse na entrada do centro a semana do 13 ao 17 de maio.





LABORATORIO NA LABORAL III

Para finalizar coas materias de Laboratorio I e Laboratorio II de 1º e 2º de Bacharelato, os alumnos e alumnas tiveron que elixir un proxecto relacionado cos contidos da materia e levalo a cabo no laboratorio. Ao finalizar o trimestre os alumnos/as presentaron unha serie de traballos moi visuais e rechamantes: elaboración de produtos cosméticos, cristalización de sales, estudo de microorganismos, determinación de vitamina C en diferentes cítricos, estudos anatómicos de peixes, disecciónns de diferentes órganos de porco (cerebro, pulmóns, riles...) e unha maqueta do corazón humano.

Fernando Vidal, profesor do centro, fainos chegar un artigo no que reflicte a súa visión persoal sobre o que aconteceu en Galicia no tempo da Guerra Civil, unha visión algo oposta ao que estamos acostumados.

A II República naceu o 14 de abril de 1931 co obxectivo de modernizar España en moitos campos. Na área da educación, a prioridade foi reducir os índices de analfabetismo. Para conseguilo, o número de mestras e mestres aumentou nun 35%, pasando de trinta e sete mil en 1931 a cincuenta mil en 1936. A mellora non se limitou ó aumento de persoal. Tamén aumentaron e melloraron as escolas e bibliotecas, e puxéronse en marcha programas de fomento da lectura, coeducación, as Misións Pedagóxicas....

Pero estes avances non gustaban ós partidos e sectores sociais de dereitas. Estes dedicaron os últimos anos da República a conspirar e desestabilizar ó Estado republicano, creando un clima propicio para que os militares deran un Golpe de Estado. O Golpe tivo lugar o 18 de xullo de 1936, e foi protagonizado polos militares máis dereitistas.

O Golpe de Estado fracasou, porque o goberno da República e a sociedade conseguiu paralo en moitos lugares. En Galicia non tivemos esa sorte. Houbo algúns intentos de resistencia, pero os golpistas conseguiron impoñer a lei das armas, e en poucos días tiñan todo o noso territorio baixo o seu control. A partir dese momento, impuxeron o terror: máis de 4600 persoas asasinadas en Galicia nos anos da Guerra, con vítimas en todos os concellos, segundo os datos recompilados por nomesevoces.net, un proxecto de investigación coordinado pola Universidade de Santiago que contou coa colaboración de moitos investigadores galegos. Entre os asasinados, nada menos que cen mestres galegos, eses que dicíamos que empezaron a exercer despois de 1931, e que da man da II República buscaban o ben común, sacándonos do atraso e do analfabetismo. Se o número de asasinados foi moi elevado, o desastre puido ser aínda moito maior, pois os represores quedaron lonxe de acadar os seus obxectivos: calcúlase que un número de persoas similar ao de asasinados conseguiu fuxir das gadoupas da morte permanecendo agochados os tres anos que durou a Guerra. E houbo máis formas de represión: roubo de propiedades, multas, elas tamén foron vítimas da Guerra. E houbo máis formas de represión: roubo de propiedades, multas, desterros,...

Volvendo ós asasinatos, chama a atención que as mulleres foron menos do 1% das persoas asasinadas. Pero elas tamén foron vítimas dunha represión atroz: moitas foron violadas, e moitas máis sometidas a escarnio público. Destas humillacións, a máis visible para toda a veciñanza foi a das mulleres rapadas: en practicamente todos os concellos foi habitual naqueles anos ver mulleres co pelo cortado ao cero. Unha idea que quedou no imaxinario popular foi que Galicia se deixou someter docilmente, que non opuxo resistencia ó réxime franquista. Esta idea estase demostrando equivocada. Para empezar, houbo moitos galegos e galegas que estaban na emigración, en lugares como o País Vasco, Barcelona ou Madrid, e que participaron activamente na resistencia ao Golpe de Estado. É moi notable o caso de Pasaia, o porto pesqueiro máis importante de Gipuzkoa naquela altura, no que case todos os mariñeiros eran galegos, na súa maioría de Marín, Porto do Son, Corrubedo e Corme. Estes mariñeiros tiveron grande protagonismo

Donostia, e conseguindo a súa rendición aos poucos días. Despois estes mariñeiros, ao igual que os demais emigrantes nas zonas industrializadas, enroláronse no exército republicano e loitaron contra o fascismo na fronte de batalla.

A resistencia non foi só cousa dos galegos e galegas que estaban fóra de Galicia. Moitos mozos que estaban en Galicia en xullo de 1936 tamén conseguiron loitar no Exército Republicano, a pesar de que foron obrigados a ir á guerra no bando franquista. O que fixeron foi presentarse voluntarios para ir á primeira liña da fronte, e unha vez alí pasaron ó bando leal á República. Este fenómeno non está suficientemente estudado, pero en Corme temos constancia de que houbo tres soldados que pasaron desta maneira ó bando republicano. Tendo en conta a poboación de Corme naquela altura, e tirando polo baixo, podemos afirmar que quizais en toda Galicia houbo máis de mil soldados que fixeron este cambio de bando. Outros mozos que estaban en Galicia en xullo de 1936 conseguiron alistarse no exército republicano dunha forma aínda máis espectacular: fuxindo por mar aos portos do Cantábrico. Todas as vilas e cidades costeiras dende o País Vasco ata Asturias seguiron sendo republicanas nos primeiros meses da Guerra Civil. Os mariñeiros de moitos portos galegos conseguiron organizarse para burlar a vixilancia e as restricións de combustible, e fixéronse co control de barcos que saíron coas adegas cheas de pasaxeiros, que chegaron a Xixón e incorporáronse ao Exército Republicano. Moitos destes barcos saíron da Coruña, onde funcionou unha rede clandestina que organizou estas fuxidas por mar. Pero tamén saíron tres motoras de Malpica, que arribaron a portos da Bretaña francesa, para dende alí pasar á Cataluña republicana. E tamén saíron barcos de Muros, Noia, Ares..

A pesar dos moitos esforzos antifascistas, as forzas leais á República perderon a Guerra Civil en 1939. Esta derrota provocou o exilio de medio millón de homes, mulleres, nenas e nenos. Moitos galegos formaron parte das inmensas columnas de xente derrotada e famenta. A máis numerosa fuxiu de Cataluña a Francia, e foi confinada en campos de concentración, varios deles nas praias dunha Costa Azul que foi moi negra naqueles meses. Estas persoas levaban xa tres anos combatendo un fascismo que seguiu medrando en Europa, e que se fixo co poder en Francia aos poucos meses da chegada dos exiliados. Isto tivo consecuencias dramáticas para algúns galegos, que foron deportados e exterminados no campo de concentración nazi de Mauhausen.

Pero outros republicanos conseguiron zafar das gadoupas nazis. E continuaron a loita antifascista dende a Resistencia Francesa. Ou dende as filas da División Leclerc, chamada popularmente “La Nueve” polos moitos antifascistas españois que estaban nas súas filas. Esta división foi a que tomou París en agosto de 1944, liberándoa das mans nazis. E eran galegos algúns dos que ían naqueles tanques que entraron polos Campos Elíseos, e que foron recibidos con grandísima alegría pola poboación local.

Mentres, en Galicia tamén había resistencia armada ao franquismo: a Guerrilla, formada por homes e mulleres que vivían no monte ou agochados ocasionalmente nalgunha casa, e que de cando en vez daban algún golpe ao fascismo. O previsible en 1945 era que as potencias aliadas, unha vez derrotado o fascismo alemán e italiano, forzaran a derrota do franquismo e a volta da democracia. Os dirixentes do PCE pensaron que para forzar a intervención aliada tiña que haber unha Guerrilla forte, e fixeron unha chamada ao antifascismo galego. O pobo galego respondeu unha vez máis, pois houbo moitas persoas que empezaron a dar acubillo aos integrantes do Exército Guerrilleiro de Galicia nas súas casas. Mesmo houbo bastantes persoas que, forzadas polas circunstancias, decidiron fuxir ao monte e integrarse na Guerrilla.

Pero nin sequera o tan numeroso apoio popular que tiñan as forzas guerrilleiras moveu ás potencias occidentais, que preferiron deixar que o franquismo mantivera o seu réxime totalitario. A loita guerrilleira acabou sendo, pois, unha nova derrota do antifascismo. Nas comarcas da Costa da Morte, esta derrota produciuse en 1947, cando quedou definitivamente desartellada a rede de enlaces da Guerrilla. Pero hoxe, para nós é un orgullo saber que nesta comarca houbo máis de setenta persoas procesadas por apoiar ós guerrilleiros. E estas persoas estaban xeograficamente repartidas por toda a comarca. Houbo detencións en Tella e Corme. Tamén nas vilas de Vimianzo e Baio, e en moitos lugares da súa contorna: Bamiro, Pasarela, Castrelo, Vilaseco, Berdoias, Carnés, Tines, Gándara, As Pasantes, Carreira, Vilaestévez e Meanos. E tamén na marxe sur da Ría de Corme e Laxe, nos lugares de Fornelos, Serantes, Matío, Soesto, Socasas, Traba, Coéns, Cesullas, Sinde, Buzaco, A Telleira, A Margarida, Monelos, Borneiro e A Carballa.

Máis alá das moitas derrotas que foi encadeando o antifascismo, o máis triste é comprobar que aínda hoxe resoa esa idea de que os militares se levantaron en 1936 para poñer orde nun estado ingobernable. Unha mentira como unha catedral, á vista dos moitos avances en educación, ciencia, investigación, feminismo e progreso social da República. Menos mal que hoxe xa só se fan eco desa idea algunhas persoas maiores, alentadas por propostas políticas que pretenden volver aos vellos e malos tempos. Afortunadamente, a inmensa maioría da xente nova non fai caso dese discurso.

Enerxías renovables

Xa está en funcionamento un novo punto de recarga de vehículos eléctricos, o segundo do Concello de Culleredo, situado no IES Universidade Laboral. Este novo punto de recarga xa permite a membros da comunidade educativa do IES Universidade Laboral efectuar a carga dos vehículos sen custe, nin para o usuario nin para o centro educativo, xa que a enerxía é subministrada por paneis solares fotovoltaicos instalados polo alumnado da familia profesional de Enerxía e Auga do centro. A orixe da electricidade é, polo tanto, 100% renovable, feito que fan da instalación realmente única en Galicia e que a levou a ser un dos proxectos de innovación na FP premiados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Á posta en marcha da instalación acudiu, ademais da dirección do centro, o inspector de educación José Luis Mira Lema (primeiro pola dereita na fotografía que se xunta), en representación da Consellería de Educación. María José Vázquez, profesora do centro educativo, foi a primeira usuaria que se beneficiou da recarga de balde e de orixe 100% renovable. Neste proxecto contouse ademais coa colaboración do IES San Clemente para o desenvolvemento dunha aplicación móbil para a xestión das quendas de recarga.

MOBILIDADE
RENOVABLE

Robótica

Alumnos de bachillerato participan en varios talleres de robótica y programación organizados desde el departamento de matemáticas. Han podido ver la aplicación de las matemáticas en campos como la realidad aumentada, la realidad virtual, la robótica y la programación en general. Al finalizar el taller han organizado una jornada de robótica y programación en la que pudieron mostrar a todo el centro los conocimientos adquiridos y los logros realizados durante las últimas semanas. Coordinados desde el departamento de matemáticas han mostrado varios robots programados para seguir circuitos prediseñados y evitar obstáculos. Además han mostrado una docena de juegos retro o de habilidad que han programado, como los famosos Space Invaders y Pong. Además han fabricado mandos con diferentes placas para esos juegos.

Robótica


Space
INVADERS

Graduación 2018-2019

Parabéns!

I Semana da saúde

I Semana da saúde

Con motivo do Día Mundial da Saúde (7 de abril) e dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible da ONU, e dando continuidade a algunhas das actividades que xa se viñan facendo no centro polas mesmas datas, celebramos a I Semana da Saúde no instituto. Durante unha semana, profesorado e alumnado estivemos inmersos en varias actividades. O venres 5 de abril arrincamos cunha mesa redonda sobre o sexismo no deporte en xeral e os prexuízos no deporte de alto rendimento. Participaron deportistas de elite e alumnos e alumnas do centro e de

O luns 8 de abril creamos unha “exposaúde” no recibidor do instituto. Nela participaron profesorado e alumnado con diversas actividades relacionadas coa saúde en todos os ámbitos: postos de seguridade laboral, acondicionamento físico, reciclaxe, prácticas de laboratorio (medición de azucre en sangue, medición de azucre en varios refrescos, detección de amidón en alimentos, lectura e interpretación de etiquetas alimentarias,...), maquetas de aeroxeneradores, funcionamento dunha xaula de Faraday e lecturas para o corpo e a alma. Todo acompañado dunha exposición de pósters central.

A exposición en imaxes

Truño!

Ademais fixemos un concurso: “Truño!”, así apodado polo alumnado de 2º Bacharelato de Ciencias da Terra e do Medio Ambiente. Consistiu en crear un obxecto útil, orixinal e feito con materiais reciclados.



O resto da semana completouse con diversas actividades para todo o alumnado en xeral: preparación e degustación de almorzos saudables (con beneficios para Operación Pangono Pangono) e clase de zumba; e para grupos en particular: charla "Sabes o que comes" (Silvia Méndez), proxeción de “Conversa cunha muller morta” (Sonia Méndez), charla “As ludopatías” (Agalure), charla “Educación contra a drogradición” (Ricardo Seoane), emisión radiofónica "Acoso laboral a través das RRSS" (Asociación educativa AtlanTICs), saída “Proxecto Ríos” (ADEGA), roteiro “Plantas silvestres comestibles dos campos do instituto” (César Lema) e charla “As especies invasoras” (ADEGA).

Foi unha semana moi intensa cun gran traballo interdepartamental por detrás e cunha gran implicación e acollida por todo o alumnado.

Vémonos na seguinte edición!

A nosa biblioteca

Club de lectura

O noso club sigue a súa andaina con novas descubertas de títulos e xéneros. No mes de abril tocou teatro.Eleximos unha obra de Darío Fo, *Pareja abierta,* que nos fixo rir un lote. Tamén é certo que os "actores" fixeron un bo papel e moitos méritos. Pasámolo xenial! Para rematar o curso lector viaxamos a África coa obra de Chimamanda Adizie *La flor púrpura.*Fundamentalismo relixioso, relacións familiares, África, adolescencia... deron temas para o debate.



Ata o novo curso!

Para rematar algúns dos profes participantes fixeron as súas suxestións de cara ao verán. Á hora de propoñer lecturas foisenos un pouco a man e quedounos unha torre de posibles lecturas. Tanto por ler e compartir!! Foi un pracer este grupo lector tan diverso.

Día do Libro

Coma cada ano, o equipo da biblioteca aproveita as efemérides do calendario para procurar novos lectores e lectoras. Así co gallo do **Día do Libro** quixemos traballar sobre a proposta da Asesoría, "Poéticas diversas" e atraer ao alumnado cara a poesía, un xénero do que ás veces teñen prexuízos por falta de acercamento e coñecemento.

Pensamos que traer á biblioteca un recital poético non ao uso, coma o que ofrecen **Lucía Aldao e María Lado**, podía encaixar perfectamente na idea de poética diferente, diversa. Ademais o éxito está garantido, claro. E non só entre o alumnado. Esa é outra razón pola que optamos polo espectáculo de Aldaolado: queremos que o profesorado encontre na biblioteca oportunidades culturais do seu interese e que sexa un espazo enriquecedor para todos e todas. As propias poetas quedaron moi satisfeitas coa asistencia de tantos representantes do profesorado. E ao equipo da biblioteca gústanos ver as caras felices de todos os membros da comunidade escolar escoitando poesía. A risa, a improvisación e a complicidade demostran ser as mellores armas.



Coma resultado, o magnífico poema que construímos entre todas e todos.



Aproveitamos tamén para compartir o díptico que conmemora este día elaborado pola Asesoría de Bibliotecas Escolares. Marilar Aleixandre xenerosamente cedeu un poema para esta pequena peza de difusión do Día do Libro, que fala da lectura como unha *viaxe ao fondo das preguntas.* Un texto que convida a reflexionar sobre a importancia da lectura como revulsivo para interrogar, cuestionar, dubidar, aprender, enfocar, repensar e nunca conformarse.

Precisas un portátil?

Coa intención de dar a coñecer as posibilidades do Software Libre e dar a posibilidade para que o alumnado poida ter tamén acceso a un equipo informático, o equipo TIC actualizou tres portátiles antigos instalándolle un disco duro SSD e o sistema operativo Linux coa distribución UBUNTU. Este curso dous alumnos gozaron da cesión ata fin de curso dun dos portátiles UBUNTU. Ismael, alumno do CS de Prevención de Riscos, recibiu de Miguel Pena, director do IES Universidade Laboral, María Moares, a súa titora, e Fernando Vidal, do equipo TIC, un dos portátiles UBUNTU que a biblioteca do IES Universidade Laboral pon a disposición do alumnado para dar a coñecer o potencial do Software Libre. Outro alumno agasallado cun portátil UBUNTU foi Samuel, do CS de Prevención de Riscos, coñecerá todas as posibilidades que ofrece Software Libre ao serlle cedido outro dos portátiles UBUNTU que o @iesulaboral pon a disposición do alumnado.

Se es alumno ou alumna do IES Universidade Laboral, podes coñecer todas as posibilidades que ofrece o Software Libre solicitando a cesión dun dos portátiles UBUNTU que o centro pon á vosa disposición para o vindeiro curso. Podes solicitar a cesión a través do teu titor ou titora.

Poemas que curan



Seguindo coa temática da poesía, a biblioteca quixo participar na Feira da Saúde dispensando versos para curar o mal de amores, a tristeza, o machismo...
Enchemos centos de caixas baleiras de medicamentos cunha escolma de poemas.Tamén tiñamos pequenas pílulas motivadoras. Mirade nas imaxes como curamos con toda a facilidade! Fixemos unha selección de fondos relacionados coa saúde e os seus diversos aspectos (nutrición, saúde sexual, acoso, saúde mental, medicina...). Podes pasarte a pedilos na biblioteca.



Poemas que curan

Feliz verán!



TEMPO DE VERÁN, TEMPO DE LECTURAS

MISTERIO

Unha rapaza morta, seis posibles asasinos...

Un novo caso para o inspector Leo Caldas

AVENTURAS

Unha organización clandestina dedicada a salvar obras de arte.

UN CLÁSICO NAS ESCOLAS PORTUGUESAS

Rose é unha nena xudía que pasa a infancia cos seus avós. Pero cando Hitler chega ó poder vese perseguida e obrigada a escapar do país

IMPRESCINDIBLES

Un discurso breve e elocuente sobre o que significa ser feminista no século XXI

Todos nalgún momento identificámonos co protagonista, adolescente inadaptado que vai descubrindo a vida adulta.

UNHA EDICIÓN DE LUXO



Os enigmas matemáticos e os curiosos xogos de palabras de Lewis Carroll, están deliciosamente descodificados e explicados por Martin Gardner

ESTA HISTORIA NON CHA CONTARON

Este libro empeza no Ano da Pera e chega aos nosos tempos, pasando, como non, por Fernando VII

CON MOITO SENTIMENTO

Volve a saber de Guille e Nazia da man de Alejandro Palomas, o autor que nos visitou este ano.

Bibliotecas escolares de Galicia